



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso González, Ángel
Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Alverte Pivida, Rodrigo
Araújo Fernández, María
Ares Ferreiros, Martina
Boutinguiza Larosi, Mohamed
Bouza Rodríguez, J. Benito
Bueno Alonso, Jorge L.
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Costa Montenegro, Enrique
Couto Cancela, Daniel
Cruz Freire, José Manuel
De Blas Varela, M^a Esther
Díaz Casaleiro, Tomás
Dominguez Araújo, Lara
Dominguez Blanco, Santiago
Dominguez Domínguez, Rubén
Dopico Aneiros, M^a Dolores
Dopico Castro, Marcos
Eguía Oller, Pablo
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Arias, Mónica
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Rey, Aser Ángel
Fernández Souto, Ana Belén
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Ferro Soto, Carlos Antonio
Fraiz Brea, José Antonio
Gallardo Medina, Mercedes
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Gándara Pérez, José Antonio
García González, Silvia
García Mateo, Carmen
Garrido Campos, Julio
Garrido Suárez, Carlos
Godoy Malvar, Eduardo
González Almón, Yasmína
González Álvarez, Dolores
González González, Alfredo
González López, Raquel
González Varela, Luis
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Isorna Folgar, Manuel
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Mira, Álvaro Xosé
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Oscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Macías Cambra, Henrique
Marcert Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Martínez Piñeiro, Manuel
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Moldes Pita, Óscar
Morán Martínez, M^a Paloma
Moure Rodríguez, María José
Novas Míguez, Javier
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Oca Cancela, Guillermo de
Ovejero Campos, Aida

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **10 de xullo de dous mil dezanove**, convocada para as 10.00 h en primeira convocatoria e ás 10.30h en segunda, no Paraninfo do Edificio Ernestina Otero, Campus Universitario - Vigo.

Acadado o quórum necesario ás 10:35 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 5 de xuño de 2019.
2. Informe do Sr. reitor.
3. Presentación do balance do primeiro ano de goberno por parte do Sr. reitor.
4. Aprobación, se procede, da memoria correspondente á creación da Facultade de deseño e creación.
5. Aprobación, se procede, da creación do Centro de investigación en tecnoloxías, enerxía e procedementos industriais (CINTECX), a proposta do Consello de Goberno.
6. Aprobación, se procede, do anexo á normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación, a proposta do Consello de Goberno.
7. Aprobación, se procede, do nomeamento de D. Daniel Couto Cancela como presidente do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo.
8. Presentación do informe de transparencia correspondente ao ano 2018.
9. Elección dos membros da comisión para a elaboración do plan estratéxico da Universidade de Vigo: Sector PDI-A, 3 vacantes; Sector PAS, 1 vacante.
10. Elección dos membros da comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).
11. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector alumnado, 2 vacantes e Sector PDI-B, 1 vacante.
12. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.
13. Rogos e preguntas.

Padilha Gómez, Iago
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Rico Fuentes, Juan Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rolán González, Katia
Rubio Armesto, M^a Belén
Santalla del Río, M^a Verónica
Sieiro Vázquez, Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Teira González, Eva
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vera Isasa, María
Vila Alonso, M^a de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Area Carracedo, Iván Carlos
Baltrusch, Burghard
Blanco Sierra, Javier
Castro Cerceda, M. Luisa
Cid Fernández, Xosé Manuel
Comesaña Piñeiro, Rafael
Cuiñas Gómez, Íñigo
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Fernández Blanco, Elia
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Riverola, Florentino
Ferreiro Vázquez, Óscar
Formoso Vázquez, David Elisardo
Gómez Fariñas, Beatriz
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Paz, María Flor
Rivas Ferreiro, Mauro
Rivo López, Elena
Torres Outón, Sara M^a
Vaquero García, Alberto

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 5 de xuño de 2019.

Non habendo propostas de corrección, apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Creación de universidades privadas en Galicia: o Sr. reitor aclara que debe cumprirse en todo caso a legalidade vixente, e que se vixiará polas tres universidades do SUG devandito cumprimento. Nunha reunión do Consello de Universidades aclarouse que existe unha proposta de ABANCA, que está en proceso de avaliación.
- Desascripción do IESIDE: relacionado co anterior, antes da creación da universidade privada, hai que proceder á desascripción das titulacións, de acordo co propio Convenio de cooperación. Así se fixo constar á Consellería. O Sr. reitor da lectura ao texto da denuncia do Convenio, como paso previo á desascripción, que foi aprobado polo Consello de Goberno e que será remitido ao Claustro. Neste momento hai outro proceso de desascripción en Galicia, na Universidade de A Coruña. O Sr. reitor maniféstase abraiado en canto ao impacto mediático deste asunto, que é unha cuestión de estrita legalidade universitaria.
- Estado económico da Uvigo: tras o debate sobre este asunto no seo do Consello de Goberno, o Sr. reitor entende que procede informar ao Claustro. Temos unha situación económica francamente boa, procedente dos esforzos previos feitos polos equipos anteriores e por toda a comunidade universitaria. Mostra unha gráfica sobre a evolución dos

orxamentos e os resultados orxamentarios do ano 2018 cun resultado positivo de máis de 3.000.000 de euros, o que non impide a necesidade de facer un plan de reequilibrio financeiro, para axuntarse á normativa autonómica e nacional sobre contabilidade pública. Estamos recuperando a captación de fondos privados a través do artigo 83. Amosa unha comparativa entre as tres Universidades do SUG.

- Campus de especialización: atopámonos nunha convocatoria da Xunta relativa aos Campus de especialización. O Campus do Mar non entra na mesma. So o Campus Auga (Ourense), o Campus Crea (Pontevedra) e o Vigo Tecnolóxico (Vigo). Estase a traballar para ter as maiores posibilidades de éxito nesta convocatoria.
- Acordo no SUG sobre titulacións: é unha consecuencia da posta en marcha das titulacións de robótica e bioquímica no Campus de Lugo (ás que se lle quitou o cualificativo de “agroforestais”). Tentarase obter as maiores vantaxes posibles para a Universidade de Vigo neste novo escenario. Hai xa un preacordo entre as tres universidades, agora todo depende da Consellería.

- Proporciona datos sobre os esforzos orzamentarios destinados á captación de persoal, nos concursos de profesorado de 2018 e a OEP de 2019, así como a redución a 280 horas, o paso de 7 Axudantes Doutor a Contratado Doutor, as pagas extras, a contratación de 21 Axudantes Doutor, os programas de retención de talento e o axuste salarial dos predoutorais (que se reclamou no xulgado que o pague a administración correspondente). Finaliza cunha referencia ás melloras do PAS. A suma total supuxo 1.450.000 euros no 2019 e 3.190.000 euros para 2020, o que explica os axustes que deben ser feitos nos orzamentos.

O Sr. Xoán Cebro fala sobre a súa intervención no Consello de Goberno en canto á situación económica da Universidade, na que lembra que houbo unanimidade de voto positivo, agás a súa abstención. Lembra que non puxo en dúbida a situación financeira da Universidade e que simplemente quere que haxa transparencia, sobre todo en canto á documentación dispoñible. Coméntalle ao Sr. vicerreitor que as noticias de que dispoñía as obtivo da Xunta e das outras universidades, onde lle faláron dun déficit de 6.000.000 de euros. Insiste en que non o di el, senón a Xunta de Galicia, e que lle solicita á Universidade de Vigo facer un plan económico de estabilización. Insiste en que soamente pediu no Consello de Goberno que se lle proporcionase a documentación remitida pola Universidade á Xunta de Galicia, como garantía do seu dereito á transparencia. Quere saber se a Universidade remitiu o plan de equilibrio financeiro e se o vai remitir ao Claustro e ao Consello de Goberno, xa que os orzamentos foron modificados constantemente (sinala que ata 900 veces). Indica que preguntou por certos datos na Comisión de Economía a un dos asesores e que non lle convenceu a resposta. Comenta que presentou un documento no rexistro cunha reclamación económica relativa á masa salarial, con melloras para o colectivo do PAS funcionario.

O Sr. reitor indica que non se trata de entrar agora nun debate, que hai cartos dispoñibles, e que unha cousa é a contabilidade e outra a realidade.

A Sra. Mónica Fernández Arias pregunta pola convocatoria de mobilidade para o persoal investigador, xa que houbo moitas solicitudes e non todos poderán acceder. Fala dun erro na transcripción dos méritos que prexudicou a algúns solicitantes e pregunta se se tomarán medidas. O Sr. reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen aclara que saíu a lista provisional de admitidos. Sinala que o que marca a diferenza é a nota media de cada unha das persoas candidatas. Asume que haberá persoas que non poderán desfrutar da axuda, aínda que se tratará de mellorar de cara ao futuro. A idea era dar prioridade ás persoas contratadas pola Universidade de Vigo, que non poden acceder a estas axudas doutro xeito. A Sra. Mónica Fernández Arias expresa que está preocupada pola valoración dos méritos, onde se da preferencia a persoas que xa fixeron a estada fronte ás que a solicitan por primeira vez. A Sra. vicerreitora insiste en que terán prioridade os predoutorais da Universidade de Vigo. A Sra. Mónica Fernández Arias quéixase da escaseza da axuda. O Sr. reitor empra a ambas a falar despois do Claustro.

3. Presentación do balance do primeiro ano de goberno por parte do Sr. reitor.

O Sr. reitor indica que se trata de presentar cada ano un punto de debate que sirva para iniciar un diálogo entre as distintas sensibilidades que existen no Claustro. Mostra unha táboa cos distintos compromisos adquiridos por sectores, de xeito que se amosan segundo estean en proceso, avanzados ou cumpridos.

Comeza pola lista de compromisos relativos á Secretaría Xeral: a revitalización dos órganos de goberno, o programa Docentia, a mellora das enquisas de profesorado, a creación dun grupo de traballo sobre innovación administrativa, a posta en marcha da administración electrónica, a procura da igualdade real entre os homes e as mulleres da comunidade universitaria, o calendario académico unificado para o SUG, a redución da litixiosidade, e a adecuación da normativa aos Estatutos.

Continúa falando dos compromisos relativos á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade: administración electrónica, aproveitamento de espazos, o edificio Faraday na ETEA, reorganización das infraestruturas, coñecer o estado dos centros en relación co mantemento dos edificios, promover enerxías renovables, aforro de enerxía e auga, e a análise e mellora do transporte aos Campus.

En canto á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, fíxose o primeiro POD con 280 horas anuais, o pago íntegro das pagas extras, criterios obxectivos de promoción do PDI baseados na antigüidade na acreditación, definición do cadro teórico do PDI, rematar coas bolsas de PDI acreditado sen praza, o programa de estabilización do profesorado asociado e a modificación das normativas de TFG e TFM para poder ser avaliados polo titor.

En relación coa Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, fala do deseño dun programa de promoción, do programa de axudas para estudantes, da posta en marcha de traballos xunto co profesorado de secundaria, da identificación de necesidades formativas, o fomento das TIC, o incremento do alumnado nas actividades deportivas, o observatorio de persoas egresadas e o apoio ás aulas de maiores.

Sobre a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais, se traballa na identidade común en canto á imaxe da Universidade, a Unidade de Cultura Científica, a tenda da Universidade de Vigo, a creación dun plan estratéxico de comunicación, a difusión da actividade da Universidade, as campañas de comunicación, a representación institucional, a promoción do centro de linguas e a normalización lingüística.

En canto á Vicerreitoría de Investigación, hai un compromiso forte en canto aos recursos humanos de investigación e a retención de talento, reforzouse o sistema de recoñecementos docentes a líderes de proxectos, préstase atención prioritaria aos Campus de especialización, reforzouse o servizo de publicacións, estase a ultimar unha Oficina de Proxectos Internacionais, estase a traballar no programa de axudas á internacionalización e no financiamento de infraestruturas de investigación e accións complementarias, así como os contratos Hipatia para doutoras.

Na Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, estase a traballar nun plan estratéxico de internacionalización, na mobilidade internacional, na cooperación ao desenvolvemento, aliñándose coas políticas DS 2030, fóméntase o asociacionismo e hai un plan de voluntariado.

Na Vicerreitoría de Transferencia, incentivouse ao profesorado para pedir o sexenio, simplificouse a colaboración coas empresas, definiuse unha estratexia para o ámbito das humanidades e ciencias sociais, fóméntase a cultura de transferencia, se promociona a relación con organismos públicos de investigación e centros tecnolóxicos e programas de axudas.

No Campus de Pontevedra se traballa na internacionalización, en novas titulacións, no fomento da aprendizaxe toda a vida, na programación cultural, o programa Green Campus e na colaboración co PDI.

No Campus de Ourense estase a traballar na colaboración cos grupos de investigación e co tecido empresarial e institucións, promover o acceso de persoas con dificultades, fomentar a participación do PDI en proxectos internacionais, no aproveitamento de recursos e espazos.

Recuperación de dereitos, convocatorias de listas de agarda, negociación de outras convocatorias, regulación da concesión da comisión de servizos, estudo da RPT e das OPES de 2018 e 2019 e a negociación co PAS laboral e o acordo cos comités de empresa de Pontevedra e Ourense.

O Sr. reitor remata coa súa visión persoal, e se alegra do debate nos órganos de goberno, destacando as medidas principais acadadas e pedindo desculpas polos atrasos en certos compromisos (pagas extra, administración electrónica, a recuperación de FEUGA, o plano de enerxías renovables e o cadro teórico do PDI).

Interveñen Pedro Carro, Luis González, Emilio Fernández e Artemio Mojón. O Sr. Pedro Carro quéixase da política de ladrillo e da política relativa a facer atractiva a Universidade de Vigo. Comenta que é necesario mellorar as liñas de autobús actuais, máis que engadir outras.

O Sr. Emilio Fernández agradece este punto da orde do día para poder revisar as políticas desenvolvidas ao longo do ano e avanza que a súa intervención non será catastrofista, aínda que difire da visión global do Sr. reitor. Aínda que hai cousas ben feitas, pensa que cabe mellorar moito en certos aspectos nos que non se avanzou. Ten a sensación de que certos Claustros non son relevantes en canto ao seu contido e que rara vez se transfíren as ideas manifestadas a actuacións concretas do equipo de goberno. En canto á política de profesorado, quéixase da falta dun acordo global, aínda que pensa que o tentaron enviando un documento ao respecto. Pensa que o diálogo non foi suficiente. Opina que en certas cuestións non se cumpriron os

compromisos (como FEUGA ou as pagas extras) e que falla o consenso. Que estamos afogados en burocracia e que non se mellorou nada, por exemplo, nas plataformas informáticas de guías docentes, etc. Persiste o desequilibrio entre áreas e ámbitos e todo isto redunda en prexuízo da calidade da docencia. Pensa que falta estratexia, que non hai unha visión global e compartida do destino da nosa Universidade, o que se manifesta en certas decisións erráticas (por exemplo, o asunto da titulación de robótica ou o centro de investigación de intelixencia artificial). Bota en falta o plan estratéxico e compara a UVigo coas outras universidades, particularmente do SUG. Manifesta a súa preocupación pola universidade privada, solicitando que se traia como punto único ao Claustro. Remata pedindo que se aproveite a colaboración coa oposición, con diálogo.

O Sr. Luis González quere matizar os compromisos relativos á adaptación da normativa universitaria aos estatutos, pregunta por outros aspectos como infraestruturas, melloras salariais, etc. Quere que se proporcione unha mellor documentación para as reunións do Claustro, para poder ter unha mellor información.

O Sr. Artemio Mojón entende que a intervención foi un tanto voluntariosa e sorprendeuse pola presentación da táboa, na que existen procesos de mellora continua que non poden ser dados por cumpridos. Pregunta pola mellora nos rankings que leva a cabo a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación ou os sexenios de Transferencia. Entende que marcar como cumprido a creación dun grupo de traballo para a simplificación das tarefas administrativas é excesivo. Entende que a intervención do Sr. reitor está afastada da realidade.

O Sr. reitor comenta que está de acordo en que hai que darlle vida aos Campus, sen deixar de traballar para traer alumnado á nosa Universidade, que se pode promocionar de diferentes xeitos. En canto á política de edificios, sinala que ás veces é imprescindible para cumprir axeitadamente cos fins da Universidade, particularmente, para incrementar a presenza no Campus de Torrecedeira. En canto ás liñas de autobús, expón cales son as prioridades e as melloras previstas, así como alongar o período das lanzadeiras.

En canto á intervención do Sr. Emilio Fernández, agradece o ton e o fondo da súa intervención. Sobre a política de profesorado entende que puido ser un erro non chegar a un acordo e asume a súa parte de culpa. Opina que estamos efectivamente atafegados pola burocracia e que debemos mellorar as plataformas. Respecta pero non comparte a idea de que falta unha estratexia, aínda que ve necesario un plan estratéxico, no que se está a traballar. En relación coas titulacións e o acordo relativo a robótica, entende que fomos coidadosos para axustar os intereses da Universidade de Vigo e os do SUG e que, se non se chega a un acordo, volverase ao punto inicial. En relación co centro de intelixencia artificial de Ourense, opina que se trata dunha idea interesante, tamén para a Escola de Informática de Ourense, e no que colaborará o Concello, por iso é que debemos participar. Cando teñamos máis datos o avaliaremos. Subliña a necesidade do diálogo e de falar seriamente coa documentación enriba da mesa.

En canto a adecuación da normativa aos novos Estatutos, está lista a normativa e depende da Secretaría Xeral. Tentarase enviar máis e mellor documentación aos órganos de goberno.

En canto ao Sr. Artemio Mojón, dálle a razón en que tal vez foi un pouco autoindulxente. Pensa que o grupo de traballo facilitará os procedementos administrativos e que hai un calendario en marcha sobre a participación con empresas en canto á transferencia.

O Sr. Pedro Carro aclara que non discute que se deba atraer alumnado á Universidade. Pensa que se pode investir no ladrillo, pero cando se estea nunha posición económica sólida. Pregunta polo transporte cando haxa novas titulacións ou centros (p.e., a ETEA). O Sr. reitor aclara cal será a situación da ETEA. Os edificios en marcha veñen xa coa súa propia financiación, non con cargo aos orzamentos da Universidade (aínda que xeren gastos despois).

4. Aprobación, se procede, da memoria correspondente á creación da Facultade de deseño e creación.

O Sr. reitor fala da traxectoria desta titulación ata o momento. Nomearase a Marcos Dopico como Decano comisario. Cede a palabra ao Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen sinala brevemente cal é o procedemento a seguir para a creación do centro, indicando o marco legal correspondente. Sinala a denominación e a localización do centro no Campus de Pontevedra, así como as titulacións que terá.

Interveñen Jesús Hernández, Luis González, Alfredo González, Carmen García Mateo y López Rubianes.

O Sr. Alfredo González pregunta se se poden pedir extensións nos prazos de cara a implantación da titulación e se hai espazos pensados para este centro. O Sr. reitor sinala que a extensión do prazo non depende de nós, senón do termo do Plan de titulacións e que estará situada no edificio de Belas Artes.

O Sr. Luis González pregunta polo fracaso da adscrición do título a Belas Artes. O Sr. reitor aclara en que consistiu o desacordo coa Facultade de Belas Artes, debido, entre outras cuestións, á necesidade de detraer alumnado da súa titulación para a nova, aínda que estase a traballar nunha flexibilización desta medida, que depende da Xunta. É unha titulación que normalmente se sitúa en Belas Artes.

O Sr. Jesús Hernández non comparte o punto de vista do Sr. reitor e indica que a Xunta non aprobou o documento da memoria do título, xa que presentaba omisións substanciais en relación con espazos e profesorado a compartir. Creouse unha comisión paralela ao entender que a titulación invadía competencias e créditos de Belas Artes. Afirmo que para a maioría da Xunta de Facultade diezmábase o título de Belas Artes coa memoria presentada. Destaca que se votou negativamente á memoria do título presentada, e non á implantación do título de deseño e creación nesta Facultade. Critica a creación dunha facultade de deseño e creación. Compartimentar e segregar as disciplinas é contraproducente e reduciría a Facultade de Belas Artes á súa mínima expresión, en relación co número de estudantes, os espazos e o profesorado, así como o máster de deseño e dirección creativa de moda. Critica a decisión do equipo reitoral e solicita que sexa revertida, xa que será contraproducente para ambas facultades e para o Campus de Pontevedra. Alude aos seus cargos académicos no centro para mostrar o seu bo coñecemento do seu funcionamento. Prégalle ao reitor que reconsidere esta decisión e que se elabore unha nova memoria. O Sr. reitor resposta que este era o único xeito de que a titulación estivera a tempo e que se pode estudar a ubicación do máster no futuro, aínda que a Facultade de Belas Artes poderá ter o seu máster específico.

A Sra. López Rubianes é PAS na Facultade de Belas Artes, e insiste na argumentación do profesor Jesús Hernández. Manifesta a súa sorpresa en canto á ubicación, por pensar que o espazo é insuficiente. Tamén pregunta pola adscrición do máster. O Sr. reitor reitera os argumentos anteriores e lembra o procedemento de votación naquela Xunta de Facultade.

A Sra. Carmen García Mateo pensa que estamos ante un conflito que se trata de resolver pola porta de atrás e que se abre unha vía perigosa. A creación dun centro é importante e estratéxica con grandes implicacións. Solicita que se retire este punto da orde do día ao non estar ben debatido, e que se compromete o futuro de toda a Universidade. Cuestiona o procedemento seguido e entende que a memoria de creación do centro non pode limitarse a presentación dun único folio. Entende que xa se fixan as titulacións dese centro, entre outras, o máster en deseño.

O Sr. Jesús Hernández aclara cal é a súa visión da aprobación da memoria pola comisión creada en Belas Artes. Pensa que esta decisión aboca á Facultade de Belas Artes a unha confrontación insostible. Reitera a súa petición de rexeitamento.

O Sr. Luis González solicita que se retire o punto.

O Sr. Marcos Dopico entende que a decisión é valente e alude á súa experiencia na comisión de traballo. Expón os distintos motivos do rexeitamento á memoria na Xunta da Facultade de Belas Artes, ao seu entender.

O Sr. reitor entende que se pode dar unha semana para chegar a un acordo e pide garantías de que se aprobe a memoria. Se non se chega a un acordo, haberá que tomar decisións para garantir a titulación e que comece a traballar a Xunta de titulación.

A Sra. Silvia García, decana en funcións de Belas Artes, comenta que houbo un ambiente de boicot á titulación e que se traballou moito na proposta finalmente rexeitada. Dubida que poida haber unha solución a este problema nunha semana. A maioría da representación do alumnado está a favor da mesma.

Acórdase dar unha semana para negociar a memoria e, se non se consegue, comezará a traballar a Xunta de titulación.

5. Aprobación, se procede, da creación do Centro de investigación en tecnoloxías, enerxía e procedementos industriais (CINTECX), a proposta do Consello de Goberno.

O Sr. reitor entende que esta é unha proposta prioritaria para a Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento a proposta.

6. Aprobación, se procede, do anexo á normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación, a proposta do Consello de Goberno.

O Sr. reitor explica que a proposta serve para renomear os centros xa existentes.

Apróbase por asentimento o anexo da normativa.

7. Aprobación, se procede, do nomeamento de D. Daniel Couto Cancela como presidente do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. Daniel Couto. Agradece a todos os que colaboraron neste proxecto e fala do que sucede cando non existe un Consello estudantil, así como dos obxectivos do mesmo. Tamén do papel do estudantado da Universidade de Vigo. Finaliza cunha referencia ao goberno da Universidade de Vigo e á transparencia do Consello de Estudantes.

Apróbase por asentimento o nomeamento de D. Daniel Couto Cancela como presidente do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo.

8. Presentación do informe de transparencia correspondente ao ano 2018.

A Sra. vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación expón as liñas básicas do informe, que se fixo dun xeito máis visual que en anos anteriores. Resume as distintas categorías de datos que foron manexados no informe, que foi achegado xunto co resto da documentación. No ranking de INTRA figuramos en novena posición e somos os primeiros do SUG.

9. Elección dos membros da comisión para a elaboración do plan estratéxico da Universidade de Vigo: Sector PDI-A, 3 vacantes; Sector PAS, 1 vacante.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non é preciso celebrar eleccións.

10. Elección dos membros comisión de traballo para a definición dos procesos de xestión: comisión de investigación, 4 vacantes a cubrir entre directores de grupos de investigación (1 por ámbito).

O Sr. Reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non é preciso celebrar eleccións.

11. Elección de membros do Consello de Campus de Ourense: Sector alumnado, 2 vacantes e Sector PDI-B, 1 vacante.

O Sr. Reitor indica que se presentou unha candidatura no sector PDI-B: D. Manuel Conde Cid.

Non hai que celebrar elección en ningún dos sectores.

Pasa a ser membro do Consello de Campus de Ourense o Sr. Manuel Conde Cid.

12. Elección de membros do Consello de Campus de Pontevedra: Sector estudantes, 5 vacantes.

O Sr. reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non é preciso celebrar eleccións.

13. Rogos e preguntas.

O Sr. Pedro Carro fala de certas pintadas de tipo político que figuran no Campus e solicita que se retiren. O Sr. Reitor indica que se comunicará.

O Sr. Álvarez Moreira pregunta sobre o regulamento de avaliación e o regulamento disciplinario, así como polo sistema de avaliación continua nas guías docentes e o sistema de avaliación continua tal e como está previsto nos Estatutos. Pregunta se houbo informe positivo aos docentes que incumpren en relación cos quinquenios.

O Sr. reitor cede a palabra ao Sr. secretario xeral, que aclara a situación na que se atopan os desenvolvementos aos que se refiren as preguntas.

O Sr. Luis González pregunta pola creación dunha mesa de negociación sobre as condicións laborais do persoal investigador contratado e solicita unha data para a creación da mesma. Solicita que se convoquen eleccións a representantes sindicais. Quéixase da situación deste grupo, en xeral. O Sr. reitor indica que buscará oco na súa axenda para a xuntanza. O Sr. Luis González solicita que dende o servizo de PDI se estableza un censo claro. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sinala que unha mesa de negociación está regulada por Lei e que as eleccións sindicais as convocan e organizan os sindicatos, que son quen decide quen está incluído nos censos. As eleccións non as pode convocar o equipo de goberno.

Sen máis asuntos que tratar, conclúe a reunión ás 13:48.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:48 h do día 10 de xullo de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral